

O día da nevada



Eduarda Coedo Alba, á que lle chaman Edua porque lle gusta máis, vive na aldea do Cebreiro, que está no curuto dun monte moi alto, cerca de Pedrafita, pola terra dos Ancares. Alí neva moito, pero a Edua gústalle a neve. Por iso está moi contenta de nacer nesta aldea de casas cadradas cubertas de luosa e de pallozas redondas que teñen moitísimos anos e que as hai en poucos sitios. O Cebreiro está no Camiño de Santiago e pasan por alí moitos peregrinos. Case todos se deteñen para descansar despois de subir a costa e, de paso, ver unha aldea tan curiosa. Outros paran para xantar, pero algúns tamén quedan a durmir no albergue ou na hospedaría. No inverno pasan moi poucos, porque a verdade é que alí vai moito frío. Daquela é cando fai a súa aparición a neve. Ela é como outro peregrino que, as veces, tardas uns días en marchar e aínda queda preguiceira polo arredores lucindo moito tempo a súa brancura.

Fragmento do libro: O caderno de Edua
Helena Villar Janeiro

1. Responde as preguntas da lectura:

- Onde vive Edua?
- Onde está situada a súa aldea?
- Que forma teñen as casas da súa aldea?
- Que outro tipo de vivendas hai na aldea de Edua?
- Que pasa pola aldea do Cebreiro?
- Como se chaman as persoas que fan o Camiño de Santiago?
- Porque hai poucos peregrinos no inverno?

Atopa 8 palabras relacionadas ca lectura:

O caderno de Edua



Une cada definición ca palabra que corresponda:

Vivendas redondas que hai na aldea de Edua

Peregrino

A aldea de Edua está no _____ dun monte alto

Xantar

Comida que se fai a mediodía

Curuto

Material do que están cubertos os tellados das casas

Pallozas

Persoa que percorre o Camiño de Santiago

Lousa